

## I. DISPOSICIÓN XERAIS

### MINISTERIO DE DEFENSA

**10967** Orde DEF/2097/2015, do 29 de setembro, pola que se regula a autorización previa para desprazamentos ao estranxeiro do persoal militar.

O artigo 11 da Lei orgánica 9/2011, do 27 de xullo, de dereitos e deberes dos membros das Forzas Armadas, establece que o militar se poderá desprazar libremente polo territorio nacional sen prexuízo das limitacións derivadas das exixencias do deber de dispoñibilidade permanente a que se refire o artigo 22 da dita lei. Así mesmo, recolle que nos desprazamentos ao estranxeiro se aplicarán os mesmos criterios que os que se realicen en territorio nacional e que, en función da situación internacional e en operacións militares no exterior, será preceptiva unha autorización previa de conformidade co que se estableza por orde do ministro de Defensa.

Quedan fóra do ámbito desta orde ministerial os desprazamentos do militar ao estranxeiro por razón dos destinos ou das comisións de servizo que poida desempeñar, que se seguirán rexendo pola súa normativa.

Por outra parte, a autorización a que se fai referencia nesta orde ministerial non supón a concesión de vacacións ou permisos regulamentarios, os cales continuarán concedéndose segundo as súas normas específicas.

Durante a súa tramitación, esta orde ministerial foi sometida a informe das asociacións profesionais conforme o artigo 40.2.b) da Lei orgánica 9/2011, do 27 de xullo, de dereitos e deberes dos membros das Forzas Armadas. Finalmente, de acordo co establecido no artigo 49.1.c) da citada lei orgánica, foi sometida a informe do Consello de Persoal das Forzas Armadas.

Na súa virtude, coa aprobación previa do ministro de Facenda e Administracións Públicas e de acordo co Consello de Estado, dispoño:

#### Artigo 1. *Obxecto.*

Esta orde ministerial ten por obxecto regular, como desenvolvemento da Lei orgánica 9/2011, do 27 de xullo, de dereitos e deberes dos membros das Forzas Armadas, a autorización previa para desprazamentos ao estranxeiro do persoal militar, incluído o que xa se encontra destinado no estranxeiro e que desexa desprazarse a un terceiro Estado, cando estes desprazamentos non teñan carácter oficial.

#### Artigo 2. *Ámbito de aplicación.*

Estas normas serán de aplicación ao persoal militar que se encontre nas situacións administrativas na cales, segundo a Lei 39/2007, do 19 de novembro, da carreira militar, non teña a súa condición militar en suspenso.

#### Artigo 3. *Necesidade de autorización.*

1. O militar poderá desprazarse libremente a países estranxeiros coa excepción exposta no punto seguinte e cumprindo o deber de comunicar na súa unidade a súa residencia temporal e os datos de carácter persoal que fagan posible a súa localización, de acordo co indicado no artigo 23.2 da Lei orgánica 9/2011, do 27 de xullo.

2. O secretario xeral de Política de Defensa establecerá, en función da situación internacional, os países ou territorios para os cales o militar require de autorización previa ao seu desprazamento e comunicarlle aos órganos competentes para resolver as solicitudes de autorización, que utilizarán os medios de información precisos para que o persoal militar teña coñecemento dos países ou territorios afectados por estas limitacións.

3. A determinación de países para os cales se require de autorización previa ao seu desprazamento terá carácter independente das medidas que adopte o Ministerio de Asuntos Exteriores e de Cooperación respecto da saída de españois ao estranxeiro, pero levarase a cabo de maneira coordinada coas ditas medidas.

4. En operacións militares no exterior, correspóndelle ao xefe de Estado Maior da Defensa, tendo en consideración o establecido no número 2 para o secretario xeral de Política de Defensa, a regulación dos supostos en que se requira de autorización previa para desprazarse a terceiros países desde a zona de operacións.

#### Artigo 4. *Procedemento.*

1. O militar que teña a intención de desprazarse a algún dos países ou dos territorios sinalados no número 2 do artigo anterior remitirá por conduto regulamentario á Dirección Xeral de Persoal, no caso dos militares destinados na estrutura orgánica allea aos exércitos, ou aos mandos ou xefes de persoal respectivos, nos restantes casos, a solicitude de autorización de saída aos ditos países ou territorios.

2. A solicitude deberá ter entrada polo menos quince días hábiles antes do inicio da viaxe e nela indicaranse o enderezo onde residirá o militar durante a súa estadía e o medio de localización. Os órganos competentes sinalados no punto anterior, no ámbito das súas competencias, poderán reducir este prazo cando concorran circunstancias excepcionais, incluídas as relacionadas coa conciliación familiar, e debidamente motivadas polo solicitante.

3. Os órganos indicados no número 1 anterior, valorando as circunstancias e as motivacións e observacións expostas polo solicitante, autorizarán ou denegarán, motivadamente, a solicitude de desprazamento.

4. O prazo para resolver e comunicar a decisión sobre a solicitude presentada será de sete días hábiles. A falta de resposta por parte do órgano competente no prazo indicado supoñerá a concesión da autorización para o desprazamento solicitado. A partir do décimo primeiro día desde a presentación da solicitude sen resposta, esta considerárase concedida.

5. Calquera autorización concedida poderá ser revogada se a situación internacional ou as operacións militares no exterior sofren modificacións que así o aconsellen.

#### Artigo 5. *Formato de solicitude.*

A solicitude de autorización de saída ao estranxeiro realizarase mediante o modelo de documento que figura como anexo.

#### Artigo 6. *Recursos.*

Contra as resolucións e os actos administrativos que se adopten no exercicio das competencias atribuídas nesta orde ministerial, os militares interesados poderán interpoñer os recursos administrativos e contencioso-administrativos que sexan pertinentes, de conformidade coa Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, e coa Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

#### Disposición derogatoria única. *Derrogación normativa.*

1. Queda derogada a Orde ministerial 170/1996, do 15 de outubro, pola que se regulan as notificacións de saída a outros países do persoal militar profesional.

2. Así mesmo, quedan derogadas cantas disposicións de igual ou inferior rango se opoñan ao establecido nesta orde ministerial.

Disposición derradeira primeira. *Facultades de aplicación.*

Facúltanse o subsecretario de Defensa e os xefes de Estado Maior do Exército de Terra, da Armada e do Exército do Aire para ditaren as disposicións necesarias para a aplicación desta orde ministerial.

Disposición derradeira segunda. *Entrada en vigor.*

A presente orde ministerial entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Madrid, 29 de setembro de 2015.—O ministro de Defensa, Pedro Morenés Eulate.

## ANEXO

### Solicitud de autorización para desprazamentos ao estranxeiro

O/A (emprego e exército) ..... (nome e apelidos) ....., con tarxeta de identidade militar n.º ....., destinado/a en....., con domicilio en ..... e enderezo de correo electrónico ..... solicita autorización para desprazarse aos países que polos motivos, tempo e circunstancias se especifican:

Países e datas: .....

Enderezo no estranxeiro: .....

Medio de localización: .....

Motivo da viaxe: .....

Observacións: .....

....., ..... de ..... de .....

O/A .....

Dirección Xeral de Persoal/ Mando ou Xefatura de Persoal.